

VIEIROS

Edición xeral

XELA ARIAS. SERSE INTEMPESTIVA.

A morte de Xela Arias crebou novembro. En plena actividade creativa, cun abismático e lucido libro negro a presentar e a orixinalidade dunha traxectoria que non se someteu máis que ó seu propio ritmo, á súa propia necesidade, Xela Arias despedíase de súpeto en novembro e a súa morte sorprendida conmocionáanos. Un artigo de Ana Romani.

- 13:18 20/11/2003

“Intempestiva,

serse intempestiva”

Xela Arias

De novo a vida ou a morte nos sitúa, desfai o espellismo. Tiña 41 anos. O seu é un nome que se pronuncia sen xeración, sen grupo, desas voces singulares, inclasificables, que se constrúen nas marxes dos manuais, e non importa, iso non importa. Importa a vida crebada, a dor, e ese poema negra por elección. Falabamos en outubro de *Intempériome*, o seu derradeiro libro, e dicía Xela: *“A poesía debe indagar e cuestionar a orde das cousas, senón para qué, se a poesía o que nos vai servir é para dulcificar o que xa está ou para cantar as posibles excelencias do que xa está non serve para nada”*.

Hai mais, moito mais. Darío. Tigres. Denuncia. Intemperie. Palabras que escriben a obra poética dunha autora precisa, extrema, de palabra tensa e contida lonxe do artificio e da retórica. Unha autora que foi tamén traductora, pioneira neses labores de incorporación á lingua propia dos textos fundamentais da literatura universal, niso andaba tamén agora cunha traducción de Jean Rhys para a colección de “As Literatas”. A lingua, a linguaxe, ese instrumento que Xela tensaba ata o seu límite. Dicía: *“É unha obriga da poesía non só o que se diga, tamén como se diga. Temos que tratar de buscar como dicir desartellando as palabras para construílas doutro xeito, tamén para darlle mais posibilidades á expresión”*.

Sen camiño. A palabra poética de Xela Arias procura o seu propio camiño nunha voz ousada, coherente, dura, que se revolve e cuestiona, que se interroga e non se acomoda, escrita a golpes como os golpes marcan a violencia do noso existir. Dicía: *“A nosa función é cuestionar o que hai precisamente para dar pé a construírnos mellor”*.

Pois iso, para construírnos mellor na restitución dunha obra poética a redescubrir, estes apuntamentos de lectora:

No libro-Cd “Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras galegas” escribe Xela: “*A de quen comprende non é / palabra feliz*”. E é que a lucidez abismática escribe sempre fios de navallas, palabras entre silencios que aínda cren que “*perder pé sería unha ambición preciosa*”.

...

Hai maneiras de estar, agora que todo parece estar da mesma maneira, insistamos: hai outras maneiras de estar. Volvamos a *Denuncia do equilibrio*, a *Tigres coma cabalos*, a *Darío a diario*, recuperemos tan recente *Intempériome* e descubramos de novo, hai outras maneiras de estar. *Camiñar ás aforas*.

...

Indagación da que non se complace, da que non se alía, da que se distancia para entrañarse, entrañarnos e así mellor desvelar os mecanismos, estratexias e simulacros, denuncia de falsos pactos. A poesía é sempre temeridade, incendio. “*Vide que vos convido/ a vos ver*”

...

Coma cicel afiado que en nada se recrea o poema entra na carne, nas rúas dun tempo asepticamente tan alineado . O poema é *negra por elección*

.....

Esas poéticas incomodas. Estalactitas xélicas que queiman e ambicionan *o equilibrio dos extremos*. E xa antes poema que pensa, nunca deleitación.

...

Desobediencia. No íntimo, no social, no establecido. Para non consentir, para non compracerse, para crear, para respirar, para abrir as ás.

...

Fóra do escaparate e as súas convencións. Nada que demostrar. Ir dentro da propia voz, revíralo todo, a sintaxe, a poética, ser corpo e delatar a tentación do río, e na propia coherencia andar. *E non hai xuíz aquí*.

...

E estamos así á intemperie. *De certo, a vida ía en serio*. E CORMORÁNS INMENSOS XELA A NOS SOMBRAR.